



## Á Mesa do Parlamento

**MarBarcón Sánchez**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Comisión**.

En agosto de 2003, foron entregadas seis Vivendas promovidas polo IGVS en Felgosas, parroquia de A Barqueira, concello de Cerdido.

O IGVS entregou a obra nova e división en réxime de propiedade horizontal, sendo dono da finca de 40 hectáreas aprox., inscrita no Rexistro da Propiedade de Ortigueira.

As vivendas teñen unha superficie útil de 87,53 metros cadrados e foron construídas pola empresa "Construcciones Cardeñoso", con sede en Vigo.

A día de hoxe as vivendas seguen a presentar defectos de construción debido ás deficiencias nas cubertas detectados dende a súa entrega, o que se traduce na entrada de auga no interior das mesmas, así coma defectos na recollida das augas da choiva, defectos nas canalizacións, tellas rotas, cubertas baixo tellado sen impermeabilizar...

A pesares dos diferentes escritos presentados na Delegación do IGVS, nunca se chegou a facer unha reparación integral, xa que a empresa afirma que xa perdeu cartos na licitación e que non levantará de novo os tellados.

Este ano, tras dun arranxo parcial, volveron a aparecer as filtracións, se cadra con máis intensidade, e apareceron outras novos.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Qué actuacións se levaron a cabo ou de qué actuacións se ten coñecemento, no caso das reparacións das vivendas de Felgosas?

